

# O cambio climático, culpable de fenómenos extremos

O grupo da Universidade EPhysLab participou no análise da AMS



José Antonio Añel, do grupo EPhysLab participou no informe da AMS cun análise forense sobre o exceso de neve nos Pireneos

C.R. OURENSE  
universitas@laregion.net

**U**nha vaga de calor que deixou 300 incendios forestais en Australia, 87 mortos e 57.000 hospitalizados en Xapón, 800 defuncións en Gran Bretaña, 40 graos en Corea ou 40 falecidos en China en 2013 na que se considerou como a tempada de altas temperaturas más grave dos últimos 140 anos. A maior seca da historia en California ou Nova Zelandia, a primavera más fría dos últimos tempos no Reino Unido ou precipitacións de proporcións dramáticas en Colorado, na zona oriental dos Estados Unidos e na

India, onde levaron a vida de 5800 persoas. Son once fenómenos extremos dos que o cambio climático é culpable. Así o desvela o informe anual da Sociedad Meteorológica Americana (AMS) Explaining Extreme Events of 2013 from a Climate Perspective, no que 22 grupos de científicos analizaron 16 fenómenos meteorolóxicos de grandes proporciones. O grupo da Universidade de Vigo EPhysLab, co investigador Juan Antonio Añel á cabeza, participou neste proxecto internacional cun estudio forense sobre a extrema precipitación de neve o ano pasado nos Pireneos.

O cambio climático influiu deci-

**O GRUPO EPHYSLAB PARTICIPOU CUNHA ANÁLISE FORENSE SOBRE O EXCESO DE NEVE NOS PIRENEOS**

sivamente no 68,7% dos fenómenos extremos estudiados neste informe, aumentandoalgúns casos ata 10 veces a probabilidade de que se produzan de novo. Sen embargo, nesa estadística non se conta o estudo dos investigadoresviguenses, quese recolle como un caso único ao ser a primeira vez que se analiza un fenómeno das características.■